

## CALENDARIO ABAU 2022 – CONVOCATORIA ORDINARIA

### MAIO 2022

**6 – 25:** Matrícula anticipada on line para a realización da proba de ABAU do estudiantado que ten superado o Bacharelato ou FP en anos anteriores.

Algún de vós preguntoume os días de matrícula para aqueles alumnos/as que habían aprobado bacharelato o ano pasado: do 6 ao 25 de maio

**19 – 23:** Prematrícula na proba ABAU nos centros de secundaria, onde se entregará a cada solicitante un resguardo de matrícula e as instrucións sobre a aplicación NERTA. O código de activación da conta á aplicación NERTA seralles remitido por E-mail.

Aquí tendes que facer a matrícula das ABAUs no IES , na secretaría, ese día daravos todas as instrucións para activar a vosa conta NERTA. Lembrede, como vos dixen, que haberá que pagar o título de bacharelato e a matrícula da ABAU. O único desconto que hai é para familia numerosas. Do 19 ao 23 de maio.

Para aquel alumnado que aprobe 2º bacharelato na convocatoria xuño despois da resolución das reclamacións pola Comisión de Supervisión da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional: A matrícula deberá realizarse o día seguinte da comunicación da resolución.

### XUÑO 2022

**7 -8 -9 :** REALIZACIÓN DA PROBA DE ABAU ORDINARIA

**16:** Xeración e Publicación on-line das actas de cualificacións provisionais da proba de ABAU e das listaxes nominais de aprobados/as por Comisión Delegada (a partir das 20:00 horas).

Notas provisionais ABAU a partir das 20:00 horas.

**17 – 21:** Solicitudes de “Revisión” ás cualificacións da proba de ABAU (ata as 14:00 horas do día 21).

Período reclamación ABAU.

**23 – 24 :** Envío por correo electrónico das tarxetas de cualificacións definitivas para o alumnado da proba de ABAU ordinaria.

Tarxeta coas notas da ABAU que vos mandan por email e que é necesario gardar, sobretodo para quen se matricule en outras universidades fóra de Galicia.

# CALENDARIO ABAU 2022 – CONVOCATORIA

## EXTRAORDINARIA

### XUÑO 2022

**28– 29:** Prematrícula na proba ABAU nos centros de secundaria, onde se entregará a cada solicitante un resgardo de matrícula e as instrucións sobre a aplicación NERTA. O código de activación da conta á aplicación NERTA seralles remitido por E-mail.

Aquí tendes que facer a matrícula das ABAUs no IES , na secretaría, ese día daravos todas as instrucións para activar a vosa conta NERTA. Lembrede, como vos dixen, que haberá que pagar o título de bacharelato e a matrícula da ABAU. O único desconto que hai é para familia numerosas. 28 e 29 de xuño.

Para aquel alumnado que aprobe 2º bacharelato na convocatoria extraordinaria despois da resolución das reclamacións pola Comisión de Supervisión da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional: A matrícula deberá realizarse o día seguinte da comunicación da resolución.

### XULLO 2022

**12 – 13 – 14:** REALIZACIÓN DA PROBA DE AVALIACIÓN DE BACHARELATO PARA O ACCESO Á UNIVERSIDADE (ABAU) DA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA.

**20:** Xeración e publicación on line das actas de cualificacións provisionais da ABAU e das listaxes nominais de aprobados/as por Comisión Delegada (a partir das 20:00 horas).

Notas provisionais ABAU extraordinaria a partir das 20:00 horas.

**21 – 26.** Solicitudes de “Revisión” ás cualificacións da proba de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade da convocatoria extraordinaria, ata as 14:00 horas do día 26.

Período reclamación ABAU extraordinaria

**27:** Xeración en NERTA e envío das tarxetas de cualificacións definitivas da proba de ABAU da convocatoria extraordinaria.

Tarxeta coas notas da ABAU que vos mandan por email e que é necesario gardar, sobretodo para quen se matricule en outras universidades fóra de Galicia.